



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Anuncio do 11 de outubro de 2021 da Secretaria do Tribunal Cualificador do proceso selectivo convocado para prover 1 praza na categoría de “docente educación básica” do OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO TERRAS DE AGUIAR ANO 2021”, do Concello do Pereiro de Aguiar polo que se publican as puntuacións correspondentes á entrevista persoal.

O Tribunal cualificador do proceso selectivo citado, na súa sesión celebrada o día 8 de outubro de 2021, adoptou o seguinte

ACORDO

“*Nas instalacións do Auditorio do Centro de Día dos Gozos, na Derrasa – O Pereiro de Aguiar, sendo as 10:35 horas do día 8 de outubro de 2021, procédese á constitución do Tribunal que xulgará os exercicios das probas selectivas para a provisión dunha (1) praza de docente de educación básica do Obradoiro Dual de Emprego Terras de Aguiar ano 2021, cuxas bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria realizada o día 17 de setembro de 2021, e posteriormente publicadas, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 23 de setembro de 2021, e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Ourense – A Ponte.*

A relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, así como a sinalización do lugar e data para a constitución do Tribunal e a realización da entrevista persoal publicouse na páxina Web e Taboleiro de Anuncios do Concello en data do 8 de outubro de 2021.

Estando presentes os membros do Tribunal que se relacionan, coa ausencia por causa xustificada do vocal designado como titular, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituído na seguinte forma:

Presidente: José Antonio Cerdeira Pérez, Secretario – Interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.

Secretaria: Yajaira Lage Blanco, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

Vogais: Concepción Bolaño Nóvoa, técnico de xestión do Concello do Pereiro de Aguiar.

Marina Sara González Soto, asesora xurídica en Asuntos de Urbanismo e Demais Servizos Municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

A entrevista persoal ten como finalidade determinar as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo de que se trate.

A entrevista non será eliminatoria e corresponderalle unha puntuación de 4 puntos.

Non se producen intervencións e por unanimidade o Tribunal acorda proceder do xeito que propuxo a Presidencia.

Primeiro.- *Comprobado que as persoas candidatas cumpren cos requisitos de acceso ao proceso de selección, ás 10:45 procédese ao chamamento e á realización da entrevista persoal dos/as candidatos/as que a continuación se sinalan:*

Nº DE ORDE	APELIDOS E NOME	DNI
1	CID LAHOZ SANTOS	██████████7648██████████
2	GOMEZ FIDALGO ANA ISABEL	██████████7052██████████
3	MAYORGAS VILLAR DAVID	██████████8458██████████





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Segundo.- Realizada a entrevista persoal, resulta o seguinte:

Nº DE ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	ENTREVISTA PERSAL (máx. 4 puntos)
1	CID LAHOZ SANTOS	47764821V	4
2	GOMEZ FIDALGO ANA ISABEL	54570529D	3
3	MAYORGAS VILLAR DAVID	52384582Z	2

Cuarto.- O Tribunal cualificador acorda que esta acta se faga pública mediante anuncio na páxina web do Concello e no Taboleiro de anuncios.

Quinto.- O Tribunal cualificador acorda reunirse de novo o próximo día 11.10.2021 ás 13:00 horas, no Salón de Plenos da Casa do Concello do Pereiro de Aguiar, para a puntuación da valoración dos méritos e puntuación final da praza de persoal docente de educación básica do Obradoiro Dual de Emprego Terras de Aguiar ano 2021, xunto coa relación dos/as aspirantes por orde de prelación para a súa contratación e a proposta de contratación do/a aspirante que obtivese maior puntuación

E para que así conste e produza os efectos legais oportunos, levántase Acta ás 11:10 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por tódolos membros do Tribunal Cualificador, de cuxo acto esta secretaria certifico."

O que se fai público para xeral coñecemento.

O Pereiro de Aguiar, a 11 de outubro de 2021. A secretaria do tribunal cualificador, Yajaira Lage Blanco.

